

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases axudas sociais, persoal laboral e funcionario do Concello de Pontedeume, anos 2013-2014

Bases para a concesión de axudas sociais destinadas ao persoal laboral e funcionario do Concello de Pontedeume para o ano 2013 e 2014.

ANUNCIO

Por medio de Decreto do alcalde-presidente número 284/2020 de 21 de maio, resolveuse a aprobación das bases para a concesión de axudas sociais destinadas ao persoal laboral e funcionario do Concello de Pontedeume para o ano 2013 e 2014, as que se reproducen literalmente para a súa publicación:

“BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS SOCIAIS DESTINADAS AO PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2013 E 2014.

1.-Destinatarias/os: Despois das xuntanzas mantidas cos representantes sindicais do persoal laboral e funcionario deste Concello de Pontedeume, co motivo da acadar un acordo na elaboración das bases de axudas sociais correspondentes aos anos 2013-2014.

Para axudas sociais do ano 2013: O persoal laboral e funcionario que prestase servizos no Concello de Pontedeume no ano 2013.

Para axudas sociais do ano 2014: O persoal laboral e funcionario que prestase servizos no Concello de Pontedeume no ano 2014.

No suposto de que dúas/dous empregadas/os tivesen a condición de beneficiarias/os en relación á/ao mesma/o causante, só unha/un delas/es terá dereito á axuda.

2- Consignación orzamentaria:

O importe destinado á concesión de axudas sociais do persoal laboral e funcionario para o ano 2013 e 2014 ascende á cantidade total de 46.369,88 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 221.16101 do orzamento de 2020, correspondendo 26.207,88 euros ás dúas anualidades de persoal funcionario e de 20.162 euros para as dúas anualidades de persoal laboral, referencias contables número 220200001872, 220200001873, 220200001874 a 2200001875.

3.- Tipo de axudas

A. Bolsa de estudos:

- Primeiro ciclo de Educación infantil (0-3 anos)
- Segundo ciclo de Educación infantil (3-6 anos) e Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Formación profesional.
- Ensinanzas universitarias

B. Servizos sanitarios: odontolóxicos, oftalmolóxicos, próteses auditivas e fonación, e próteses ortopédicas.

4.- Contías das axudas

4.1. As contías iniciais das axudas son as determinadas no Convenio colectivo/Acordo regulador vixentes nos anos 2013-2014, do Concello de Pontedeume:

4.1.1 Bolsa de estudos

· Primeiro ciclo de Educación infantil (0-3 anos): importe acreditado mediante factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar, ata un máximo de 150,00 euros/ano escolar e por fillo.

- Segundo ciclo de Educación infantil e Primaria: importe acreditado mediante factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar, ata un máximo de 200,00 euros/ano escolar e por fillo.

- Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Formación Profesional: importe acreditado mediante factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar, ata un máximo de 300,00 euros/ano escolar e por fillo.

- Ensinanzas universitarias: importe acreditado mediante factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar, ata un máximo de 500,00 euros/ano escolar e por fillo.

4.1.2. Servizos sanitarios. (Sempre que non se correspondan con atencións que se presten pola asistencia sanitaria derivada da cotización).

- Odontolóxicos: o 50 % da factura cunha axuda máxima por membro da unidade familiar de 270,00 euros/ano.
- Oftalmolóxicos: o 50 % da factura cunha axuda máxima de 240,00 euros para cada membro da unidade familiar: montura, cristais ou lentes de contacto, durante dous anos.
- Próteses auditivas e de fonación: o 50 % da factura, cun límite máximo de 90,15 euros/ano.
- Próteses ortopédicas: o 50 % da factura, cun límite máximo de 30,05 euros/ano.

4.2. De non chegar a consignacións orzamentarias á que se refire o punto 2 para poder aplicar as contías das axudas determinadas no punto anterior, aplicaranse as seguintes porcentaxes:

1. Unidades familiares con ingresos netos por membro da mesma e ano ata 12.000,00 euros, percibirán a axuda ao 100 %.

2. Unidades familiares con ingresos netos por membro da mesma e ano desde 12.000,01 euros ata 17.000,00 euros, percibirán a axuda ao 75 %.

3. Unidades familiares con ingresos netos por membro da mesma e ano desde 17.000,01 euros ata 22.000,00 euros, percibirán a axuda ao 50 %.

4. Unidades familiares con ingresos netos por membro da mesma e ano que superen os 22.000,01 euros, percibirán a axuda ao 25 %.

Se unha vez aplicadas estas porcentaxes sobrara ou faltara crédito, repartirase ou deducirase proporcionalmente entre as/os solicitantes de axudas, non podendo superar o 100 % de cada contía xustificada e ata a contía máxima sinalada. Enténdese por ingresos familiares os que figuran como base imponible na declaración do imposto sobre da renda das persoas físicas á que se refire o punto 7.1.4.

5.- Condicións básicas para acceso ás axudas:

Son condicións básicas para o acceso ás axudas á que se refire esta convocatoria:

- 5.1.- Que a persoa para a que se soliciten as axudas sexa o persoal laboral ou funcionario ao que se refire o punto 1.
- 5.2.- Que a persoa para a que se soliciten as axudas sexa filla/o ou persoa a cargo do persoal laboral ou funcionario ao que se refire o punto 1.
- 5.3.- Que a persoa para a que se soliciten as axudas sexa cónxuxe ou parella de feito do persoal laboral ou funcionario ao que se refire o punto 1, sempre que non teña ningún tipo de ingresos.
- 5.4. Non percibir outras axudas económicas para a mesma finalidade.

6. Tramitación da solicitude

A solicitude farase no modelo oficial aprobado para o efecto (ANEXO I) que se presentará no rexistro do Concello no prazo que se determina no punto 8, e acompañarase da documentación que se sinala no seguinte punto.

7. Documentación

7.1. Documentación xeral:

- 7.1.1. Fotocopia do libro de familia se a solicitude se refire á/ao cónxuxe ou ás/aos fillas/os.
- 7.1.2. Certificado acreditativo se a solicitude se refire á parella de feito.
- 7.1.3. Declaración xurada da/o solicitante de que as/os fillas/os maiores de 18 anos ou cónxuxe ou parella de feito, de referirse a eles, non percibiron ningún tipo de renda derivada do traballo por conta allea ou propia no ano ao que se refire a axuda. Dita declaración deberá vir acompañada de informe orixinal de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social.

7.1.4. Fotocopia completa da declaración da renda de cada un dos membros da unidade familiar.

- Para as axudas sociais do ano 2013: Declaración de renda do ano 2012
- Para as axudas sociais do ano 2014: Declaración de renda do ano 2013.

No caso de non estar obrigado a/o solicitante ou algún dos membros da unidade familiar a presentar a declaración, deberán achegar nóminas ou xustificantes dos ingresos da persoa/s exentas de tal obriga tributaria, sempre acompañados de informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social:

- Para as axudas sociais do ano 2013: Nóminas ou xustificantes dos ingresos da persoa/s exentas de tal obriga tributaria no ano 2012.
- Para as axudas sociais do ano 2014: Nóminas ou xustificantes dos ingresos da persoa/s exentas de tal obriga tributaria no ano 2013.

7.1.5. Declaración da/o solicitante, baixo a súa responsabilidade, de non ser beneficiario nin ela/el nin a/o cónxuxe ou parella de feito, de axuda de igual natureza por parte de ningún organismo público ou empresa privada

7.2. Documentación específica

7.2.1. Para bolsa de estudos:

- Para Primeiro Ciclo de Educación Infantil. (De 0 a 3 anos)
- Para axudas do ano 2013: Certificación acreditativa de estar matriculado no curso 2013-2014 e factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar.
- Para axudas do ano 2014: Certificación acreditativa de estar matriculado no curso 2014-2015 e factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar.
- Para Segundo ciclo de Educación infantil e Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Formación Profesional:
 - Para axudas do ano 2013: Certificación acreditativa de estar matriculado no curso 2013-2014 e factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar.
 - Para axudas do ano 2014: Certificación acreditativa de estar matriculado no curso 2014-2015 e factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar.
- Para Ensinanzas universitarias:
 - Para axudas do ano 2013: Folla de liquidación de taxas de matrícula, así como da folla na que figuran relacionadas as materias ou os créditos obrigatorios do curso 2013-2014 e factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar.
 - Para axudas do ano 2014: Folla de liquidación de taxas de matrícula, así como da folla na que figuran relacionadas as materias ou os créditos obrigatorios do curso 2014-2015 e factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos realizados en concepto de matrícula e/ou material escolar.

7.2.2 Para servizos sanitarios:

- Para axudas do ano 2013 e 2014, documento de prescrición facultativa
- Para axudas do ano 2013: Factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos de servizos sanitarios aos que se refire o punto 4.1. realizados no ano 2013.
- Para axudas do ano 2014: Factura oficial orixinal ou compulsada que acredite os gastos de servizos sanitarios aos que se refire o punto 4.1. realizados no ano 2014.

As facturas deberán corresponder a gastos realizados nos períodos de cobertura e cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

- Número de factura e no seu caso serie.
- Data completa.
- Datos do emisor: Nome, apelidos ou razón social, dirección completa, CIF ou NIF, número de orden da factura, detalle do traballo realizado, data de emisión da factura.

8. Prazos e efectividade

As instancias coa documentación sinalada deberán de ter entrada polo rexistro xeral do Concello, no prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP. No caso de que a documentación presentada polos solicitantes sexa defectuosa ou estea incompleta, en cumprimento do que se establece no artigo 68.1

da Lei 39/2015, concederáse un prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da notificación do devandito requirimento para a súa subsanación.

No caso de aquelas/es solicitantes que non presenten a documentación completa no prazo indicado, seralles desestimada a solicitude.

Serán denegadas as solicitudes no caso de non poder tramitalas por causas imputables ás/aos solicitantes

9. Comisión de avaliación

Formarase unha comisión de avaliación formada polo concelleira/o de Réxime Interior, en calidade de presidenta/e; un membro do Comité de Empresa, a representante sindical de funcionarios e unha/un traballadora/or do Departamento de Intervención, un traballador do departamento de persoal e un traballador do departamento de servizos sociais, como vogais; e como secretaria/o, o do Concello ou traballador autorizado para a súa substitución.

Esta Comisión de Avaliación procederá ao estudo das solicitudes presentadas e elaborará a proposta de concesión de axudas a que se refire esta convocatoria á Presidencia da Corporación, que concederá as mesmas por resolución.

Esta Comisión resérvase o dereito de solicitar ás/aos peticionarias/os todos os documentos necesarios para a análise e estudo das subvencións co fin de comprobar a veracidade dos documentos achegados, sendo causa de exclusión da axuda a presentación das solicitudes fóra de prazo, as que conteñan falsidade ou ocultación de datos en calquera das circunstancias incluídas na solicitude ou na documentación que achegan e que resultasen determinantes para a concesión de axudas e fixación da contía.

10. Réxime sancionador:

Sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar, a deformación de feitos ou calquera falsidade consignada na solicitude ou nos datos que se acheguen, será causa de denegación da axuda ou perda da concedida, coa devolución, no seu caso, das cantidades percibidas. A comisión deste feito implicará igualmente a exclusión de calquera concesión de axudas durante os tres exercicios seguintes.”

Asinado dixitalmente na data do 1 de xuño de 2020 polo alcalde-presidente do Concello de Pontedeume, don Bernardo Fernández Piñeiro.

2020/3270